



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL
Expte.415/1102

ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 31 DE AGOSTO DE 2018.

- 1.- Ratificación da urxencia.

FOMENTO

- 2.- Proposta de desestimación recurso reposición no “Proxecto de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía, entre rúa María Berdiales e rúa Venezuela”. Expte. 3827/443.
- 3.- Proposta de aprobación do expediente de contratación das obras do “Proxecto de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran vía entre a rúa María Berdiales e rúa Venezuela”. Expte. 76/441.
- 4.- Proposta de aprobación do proxecto de “Humanización da Estrada Provincial EP-2001 Calvario La Garrida, tramo igrexa de Beade-A Garrida (PO 330), lugar de Porto”. Expte. 3560/443.
- 5.- Proposta de aprobación do expediente de contratación da subministración de gas natural canalizado para as intalacións de calefacción e produción de auga quente das diversas instalacións vinculadas a este contrato. Expte. 70/441.
- 6.- Proposta de aprobación do expediente de contratación do subministro de combustibles para a flota de vehículos e maquinaria municipais, xestionados polo Parque Móbil municipal. Expte. 13050/445.
- 7.- Proposta de clasificación de ofertas no procedemento aberto para a contratación das obras do “Pavillón polideportivo cuberto e instalacións complementarias para a completa urbanización das parcelas nº 28 e 29 do Plan parcial S.U.P. P.P. 1 Quirós. Exptes. 64/441.

RECURSOS HUMANOS

- 8.- Proposta de aprobación de lista provisional de admitidos e excluídos, designación de membros dos órganos de selección e determinación de lugares e datas de celebración dos procesos selectivos derivados da execución das Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2014, 2015 e 2016. Expte. 32440/220.

SERVIZO ÁREA CULTURA

- 9.- Proposta de autorización do inicio do expediente de “Modificación do contrato de servizos de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de espectáculos no Auditorio Municipal da casa do Concello. Expte. 2003/330.

DECRETO DE CONVOCATORIA

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes aos expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión extraordinaria e urxente na súa Sala o día **31 de agosto de 2018, ás 13,30 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese aos Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e aos demais membros do grupo político municipal do PSdG-PSOE. Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para os efectos de información.

JRB/rs.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez